

## PROCESO SELECTIVO DE INGRESO E ACCESO AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

### EDUCACIÓN FÍSICA 2021 – CULLEREDO (A Coruña)

#### PRIMEIRA PROBA – PARTE A: PRÁCTICA

#### SUPOSTO 1 (2,5 puntos)

Os Proxectos Integrados de Centro expóñense, para o persoal docente e o alumnado, como retos apaixonantes e motivantes con respecto ás dinámicas educativas máis tradicionais, axustándose perfectamente ás características dun traballo competencial.

O Proxecto Integrado de Centro para este curso é “A novela policíaca”. Como Xefe de Departamento, expoña as tarefas que se farán entorno ao proxecto no nivel de 1º ESO e como se vai a contribuír ao desenvolvemento do mesmo.

Ademais:

- Relación coas competencias claves.
- Enumere os contidos que vai desenvolver co alumnado e as tarefas.
- Concrete a súa temporalización.

#### SUPOSTO 2 (2,5 puntos)

Nun curso de 3º ESO, con 14 alumnos e 9 alumnas, un dos cales está diagnosticado desde 5º de Educación Primaria de TDAH e presenta comportamentos disruptivos na aula. Diseña unha proposta didáctica de 2 sesións para traballar a relaxación co Método Schultz. Para o desenvolvemento da súa proposta didáctica, conta cun ximnasio de 264 m<sup>2</sup> e 42 esterillas individuais. Á hora de deseñar a proposta, teña en conta os seguintes condicionantes:

- 1.- Que se utilicen os termos e conceptos adecuados dende o punto de vista didáctico e científico-técnico, expoñendo as condicións oportunas de execución deste método na elaboración da proposta.
- 2.- Que se empreguen os recursos e as condicións metodolóxicas que deben de estar presentes neste grupo clase. Ademais, débese encaixar este contido no currículo e en todos os seus elementos.
- 3.- Que se establezan as metodoloxías e medidas de actuación concretas para a atención á diversidade desta proposta e medidas legais da mesma.

## SUPOSTO 3 (2,5 puntos)

Unha alumna de 16 anos, 75 kg de peso corporal con sobrepeso de 15 kg alcanza nun test de Abalakov unha altura de 20 cm e percorre unha distancia de 30 m a máxima velocidade en 6 segundos. Tendo en conta que, con actividade física e alimentación idónea, esta persoa puido baixar de peso e manter sen variación a súa masa muscular esquelética e grao de hidratación.

- 1) Estime a variación absoluta e relativa no test de Abalakov ao axustar o seu peso a 60 kg. Interprete o resultado.
- 2) Estime a variación absoluta e relativa na proba de carreira de 30 m a velocidade máxima ao axustar o seu peso a 60 kg. Interprete o resultado.
- 3) Sinale entre as probas que constitúen a batería DAFIS, unha proba equivalente ao test de Abalakov e indique o procedemento estatístico, baseado na posición que ocupa un dato nunha distribución, para determinar os valores de referencia da proba no grupo de idade de 16 anos.
- 4) Sinale os factores clave de execución a ter en conta para a mellora da eficiencia da carreira de velocidade máxima.

## SUPOSTO 4 (2,5 puntos)

Para un grupo de 4º ESO de 13 alumnos e 11 alumnas, onde a maioría dispón de patíns en liña, xa que no terceiro trimestre do curso está programada unha UD de patín, e o alumnado foi advertido con tempo suficiente de facerse co devandito material:

- 1.- Deseñe a primeira sesión dunha unidade didáctica de iniciación aos deportes de esvaramento, previa a unha actividade extraescolar consistente nunha viaxe de iniciación ao esquí alpino no Pirineo oscense de 7 días.
- 2.- Doutra banda, e coa idea de preparar ao alumnado participante na devandita viaxe, deseñe unha ficha sinxela cunha rutina individual de traballo físico e preventivo de 15-25 minutos, para que o alumnado realice na casa durante as catro semanas previas á viaxe. A rutina deberá ir orientada a favorecer o mellor desenvolvemento desta esixente modalidade deportiva.

Para o desenvolvemento da sesión dispón dunha pista polideportiva de 300 m<sup>2</sup> con pavimento sintético. Ademais do material básico habitual nun aula tipo, poderá usar outro material non específico ou reciclado sempre que non supoña un custo económico extra para o centro ou o alumnado.

## PROCESO SELECTIVO DE INGRESO E ACCESO AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

### EDUCACIÓN FÍSICA 2021 – CULLEREDO (A Coruña)

#### PRIMEIRA PROBA – PARTE A: PRÁCTICA

#### SUPOSTO 1 (2,5 puntos)

Vostede é persoal docente da especialidade de Educación Física nun Centro Público Integrado de liña dúas. Ao grupo de 1º ESO incorpórase un alumno cunha paresia dos membros inferiores. Os seus titores legais solicitan ao departamento de Educación Física a exención da materia para o alumno. Nese mesmo curso atópanse ademais 2 alumnos e 2 alumnas con niveis de condición física saudables moi inferiores ao seu momento de desenvolvemento motor. Neste centro, vistos os informes individuais do alumnado procedente de E. Primaria, a materia de Educación Física atópase integrada nun ámbito de coñecemento xunto coas materias de Bioloxía e Xeoloxía, Educación Plástica, Visual e Audiovisual e a materia de libre configuración de centro.

Perante esta situación:

- 1.- Determine as medidas organizativas, os estándares de aprendizaxe a traballar e a forma de avaliación do ámbito, dirixido aos 5 alumnos/as, dentro dun plan de reforzo educativo.
- 2.- Propoña outras medidas de intervención fundamentadas en programas educativos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que permitan incrementar a práctica efectiva de actividade física en horario lectivo.
- 3.- Resolva xustificadamente a solicitude da exención de Educación Física.

#### SUPOSTO 2 (2,5 puntos)

Vostede dispón dunha pista cuberta de 40 x 20 m., con porterías e canastras. Na devandita pista non está pintado o campo de voleibol nin conta coa rede específica. Ademais, dispón dun encerado, xices, balóns de voleibol e de *foam*, gomas elásticas anchas e longas, cordas e conos.

Con estas premisas, deseñe unha sesión de 50 minutos de iniciación ás fases que forman a dinámica básica do voleibol, e que lle proporcionan continuidade ao xogo (complexos k1 e k2), para un grupo de 12 alumnas e 10 alumnos de 2º ESO. Para todo o alumnado do grupo é o seu primeiro contacto co voleibol na Educación Secundaria, agás para dúas alumnas que son xogadoras federadas neste deporte.



## SUPOSTO 3 (2,5 puntos)

Unha alumna de 50 kg de peso obtén unha marca de 2.600 m no test de Cooper. Á vista deste resultado:

- 1.- Obteña o seu  $VO_2$  max e explique o significado e importancia do mesmo.
- 2.- Calcule os MET equivalentes. Explique o significado do termo “ MET”.
- 3.- Calcule cantas kilocalorías consumiría dita alumna nunha actividade de 20 minutos de duración ao 60% do seu  $VO_2$  max.
- 4.- Deseñe, de forma esquemática, os contidos dunha unidade didáctica que conteña, entre outros, os tratados neste suposto. Sitúe dita unidade dentro da Programación Didáctica do departamento.

## SUPOSTO 4 (2,5 puntos)

A nivel curricular, establécese como bloque de contidos para o alumnado de 1º de bacharelato, as actividades físicas artístico-expresivas. Os BAILES de SALÓN, adaptados ao ámbito educativo, favorecen a riqueza expresiva do corpo, o ritmo, a coordinación e a memoria.

- 1.- Indique os estándares de aprendizaxe máis adecuados.
- 2.- Detalle os contidos máis adecuados para este nivel educativo.
- 3.- Deseñe unha rúbrica de avaliación o máis obxectiva posible.
- 4.- Implemente as actuacións educativas necesarias tanto para un alumno xordo, como para as características e intereses heteroxéneos do grupo.